

Boiro. Festas do Verán 2026

CEDIDA

O Pazo de Goiáns volve brillar no escudo de Boiro

A histórica edificación pasou da escuridade ao esplendor grazas a unha rehabilitación que o sacou da ruína para convertelo en referente

Suso Souto

O Pazo de Goiáns é o gran símbolo identitario e patrimonial de Boiro. De feito, está representado no seu escudo. Foi construído polos Fandiño Gayoso a mediados do século XVI, posiblemente sobre unha torre defensiva anterior que foi destruída durante as Revoltas Irmandiñas, e ázase maxestoso sobre unha parcela de 120.000 metros cadrados.

O seu muro perimetral, de 1.972 metros, data do século XVIII; e a súa torre, levantada en 1688, mide 14 metros de altura (equivalente a un edificio de 4 plantas). No Pazo de Goiáns chegaron a traballar 22 criados en 1723.

No ano 2019, o Concello puxo en marcha un ambicioso plan para rescatar do abandono e da ruína este histórico inmoble ata convertelo nun auténtico templo referencial no eido da cultura. Un plan que, con todo, continúa a día de hoxe.

En maio de 2022, e tras a rehabilitación da construción central e a torre (na que se investiron máis dun millón de euros con cargo a un crédito sen intereses do Instituto Galego de Vivenda e Solo), o inmoble abriu as súas portas ao público. A actuación incluíu ademais o acondicionamento dos accesos e as zonas axardinadas.

A rehabilitación do inmoble levouse a cabo cunha enorme sensibilidade dende os puntos de pista arquitectónico, histórico e patrimonial. Para as estruturas interiores utilizouse madeira de árbores talladas nun bosque de Austria. A madeira de abeto finlandés recibiu tres tratamentos en Francia: para evitar a súa putrefacción, contra os insectos e para reducir a súa inflamabilidade. As pezas cortáronse en Cantabria, o axuste final das mesmas realizouse nunha nave da carpintería Madeiras Valentín, de Boiro, e o seu encaixe foi totalmente artesanal, con técnicas tradicionais, como se facía no século XVI. Nin un parafuso.

En 2023 o Pazo de Goiáns abandonaba a Lista Vermella de Hispania Nostra (na que entrara en 2019) e entraba na súa Lista Verde.

En maio de 2024 o Concello poñía en marcha a rehabilitación da capela do pazo, na que se investiron 110.133 euros (o 80% achegouno a Deputación da Coruña e o resto, o Concello).

Esta actuación incluíu a restauración da pasarela de pedra que conecta o pazo co pequeno templo, que data do século XIX, aínda que se cons-

truíu sobre outro fundado en 1630 por Jorge Varela de Castro Sotomayor.

O pasado mes de maio, a Corporación municipal aprobou o proxecto para rehabilitar o lagar pequeno, unha vivenda e as cortes, coa finalidade de

formalizar un convenio coa Deputación coruñesa para o seu financiamento. O orzamento é de 252.332 €.

Quedarán despois por rehabilitar o lagar grande, as cocheiras, a vivenda dos criados e o pombal. ■



Imaxe de arquivo dunha actuación de Carlos Núñez fronte ao Pazo de Goiáns.

FESTAS DE

BOIRO '26

VENRES 3

SÁBADO 4

DOMINGO 5

LUNS 6

MARTES 7

MÉRCORES 8

CAPITOL - SUAVEGITO

REMEMBER FEST

TRIBUTO A JULIO IGLESIAS

FINISTERRE PROJECT - ORTIGA

LA OCA BAND - LA BANDA DE AYER

FOGOS DE ARTIFICIO

ORIGEN

GRAN PARADA

MARBELLA

PARÍS DE NOIA

LOS SATÉLITES - 9LOURO

PANORAMA - AMÉRICA DE VIGO

CURI & SOUNDIVAN

PREGÓN A CARGO DO COMERCIO TRADICIONAL DE BOIRO

OS PEQUENOS DO BARBANSÁ

DÍA DA MALLA ABRAÑEIRA

AR DE LOUREDA

BANDA DE MÚSICA DE NEGREIRA

LUNS DAS PEÑAS

TREBOADA GALEGA

ARUME

DUENDENETA

+INFO: REVISTA FOLIA PROGRAMAS DE MAI

Boiro. Festas do Verán 2026

Representantes do comercio boirense darán paso hoxe á troula co seu pregón

No cartel das festas figuran a París de Noia, a Panorama, 9Louro e o Tributo a Julio Iglesias

Suso Souto

O pasarúas da Charanga BB+ abrirá este venres 3 de xullo ás 20.30 horas as Festas do Verán de Boiro. Tras a actuación da orquestra Sua-vecito na Praza de Galicia (21.00), terá lugar o pregón (22.00) a cargo de representantes do comercio tradicional da localidade, colectivo ao que se rende homenaxe este ano.

Logo, a festa continuará da man da orquestra Capitol (na Praza de Galicia) e Curi e Sound Ivan (na praza do centro social). Ás 23.00 darán comezo as primeiras actuacións do Remember Fest que organiza a asocia-

ción Peñas Boiro. Trátase das sesións musicais que terán lugar no Parque da Cachada e que correrán a cargo de Abel The Kid, Marcos Magán e Bruno DeeJay.

O sábado 4 haberá a tradicional Festa da Malla (ao mediodía, amenizada por Xilbarbeira e Aroña), e pola tarde, actuación da orquestra Finisterre Project e Tributo a Julio Iglesias, a cargo de Jorge Goes, (á medianoite, na Praza de Galicia). Ortiga amenizará a noite na Praza da Terceira Idade.

O domingo 5, pola mañá, haberá alboradas con Ar de Loureda; baile con Abeloura, Ballet Folclórico Boirense e Abanqueiro; pasarúas da Banda



O alcalde, José Ramón Romero, no centro, na presentación da revista *Folia* de 2026.

de Negreira; e sesión vermú na rúa peonil con D'Crooners.

O plato forte da xornada dominical será o espectáculo piromusical na praia de Barraña; a verbena estará amenizada polas orquestras La Oca Band e La Banda de Ayer (Praza de Galicia) e Balbina, coa Banda de Música de Boiro (praza do centro social).

O luns 6, ao mediodía serán os

O Remember Fest de Peñas Boiro xunta esta noite na Cachada a Abel The Kid, Marcos Magán e Bruno DeeJay

Cantos de Taberna, con As da Boina e Mar de Cabo. Peñas Boiro celebrará dende o mediodía o Día das Peñas no Parque da Cachada, con xogos peñeiros, Festa Infantil (con 3 inchables e Festa da Espuma), Festa da Auga e, ás 14.00, sesión vermú con Diego Moreira, Néstor Peña e Santi Pulido. Xa ás 17.00 será o Euphoria Disco Show, con Álex Larsen, Xacobo e Matrek, e o esperado debut de Hermandas DJ. E, pola noite, Gramola Gominola actuará na praza do centro social, e as orquestras Gran Parada e Origen na Praza de Galicia.

O martes día 7 volverán ao mediodía os Cantos de Taberna con A Dorniña e Xoaniñas, e haberá pasarúas de Treboada. Pola noite serán as orquestras Marbella e París de Noia as que protagonicen a verbena na Praza de Galicia, e Melidaos e Lumieira na Praza da Terceira Idade.

O mércores 8 os Cantos de Taberna correrán a cargo de Nunca é tarde e Ventos do mar, e a sesión vermú na rúa peonil estará amenizada por Duendeneta. Pola noite haberá un gran fin de festa con 9Louro na Praza da Mancomunidade; e verbena coas orquestras Panorama, América e Satélites na Praza de Galicia.

O Concello publicou unha nova edición da revista *Folia*, que homenaxea negocios senlleiros de Boiro. ■

KORPORIS GYM
C/Cimadevila, 18 baixo - Boiro
C/ Ramiro Carregal Rey, nº 20-B - Pol. Ind. de Xarás - Ribeira

by Kike Garcia

CALO'S
Materiales de Construcción
Almacén: Pol. Ind. de Espiñeira, fase 2 - parcela 7
Tel. 981 847 930

FERRALLA CALO'S
Ferras e mallas

Ferralla Boiro
T. 981 846 893
Ferralla Noia
T. 981 822 702

ferrallacalosboiro@gmail.com

Les deseamos felices fiestas

Pirotecnia RICARDO RESÚA, S.L.
Espectáculos en Fuegos Artificiales

Fábrica/Almacén/Oficinas
Lg. Monte Pedroso - Vilariño
CESPÓN - BOIRO
A CORUÑA

Tel./Fax: 981 00 61 45
info@pirotecniaartificiales.com
Comerciales:
629 75 54 05 - 629 75 54 05
630 04 96 48 - 630 04 98 84

De nuestra casa a la tuya

MUEBLES GUADALUPE
BOIRO (A CORUÑA)

Avda. de Barraña 50, Boiro
981 84 54 46
Avda. da Constitución 65, Boiro
981 84 87 20

Grupo Outeiral

- SERVICIOS REGULARES Y DISCRECIONALES DE VIAJEROS
- CIRCUITOS NACIONALES E INTERNACIONALES
- VEHÍCULOS DE 16 A 63 PLAZAS

SERVICIO DE TAXI HASTA 6 PLAZAS Y ADAPTADO A P.M.R.

Autos R. Outeiral
BOIRO, A CORUÑA
Tel. 981 844 085
info@autosramonouteiral.com

J. Senin s.l.u
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 587 526
senin@autocaresfsenin.es

Felices fiestas



UNA HISTORIA COMPARTIDA.

An compromiso que sigue.



we sea

Boiro. Festas do Verán 2026

CEDIDA

Un paraíso de auga con dous estuarios, unha lagoa e unha maxestosa ferverenza

O complexo húmido de Carragueiros é unha das xoias naturais do municipio boirense

Suso Souto

Na desembocadura do principal río de Boiro atópase unha das paraxes naturais máis fermosas e peculiares da zona: o estuario do río Coroño. Alí, o cauce fluvial chega por fin ao fin do seu traxecto formando unha especie de pequena ría rodeada de vexetación tipicamente lacustre.

Por alí cruza a ponte que une Escarabote con Boiro e comeza o paseo marítimo de Barraña.

Nesa contorna hai un piñeiral, habilitado con mesas e grellas, un niño de libros (librería gratuita), tirolesas, training box e circuito biosaudable.

Outro dos espazos naturais que convén visitar en Boiro é a ferverenza de Cadarnoxo, unha das máis grandes de Galicia. Durante milleiros de anos, o río perforou as rocas ata formar a ferverenza, como a vemos hoxe en día, en todo o seu esplendor.

Ao longo da súa caída, de máis de trinta metros, a auga que golpea as rocas esperta os sentidos dos visitantes.

No inverno, este regato ten un gran caudal, polo que nesa época convén non achegarse moito se un non se quere mollar. Grazas ao respecto dos veciños pola súa beleza, este enclave

natural mantense case virxe.

Outro dos espazos naturais de gran beleza do concello boirense é o formado polo complexo húmido e o sistema dunar de Carragueiros, un auténtico refuxio de paz para numerosas especies.

Esta lagoa está atrapada entre campos de cultivo, bosques e a ría, formando un refuxio para aves de todo tipo, tanto do propio humidal como as que veñen do mar.

Seguindo un camiño de terra próximo á praia de Carragueiros chégase á lagoa. Unha vez alí, costa comprender como poden convivir en paz tantas especies de aves, mamíferos ou peixes nunha contorna tan reducida, entre as que se atopan a garza real, o somorgujo, anfibios como a píntega e culebras.

Nese lugar reina unha harmonía difícil de imaxinar.


Pero, ademais do de Coroño, Boiro conta tamén con outro estuario de gran beleza: o do río Beluso.

Trátase dun espazo que se converte en períodos de baixamar en lugar ao que acoden gran cantidade de aves acuáticas atraídas polo abundante alimento que deixa ao descuberto a marea. ■



Espectacular panorámica do estuario do río Coroño, en Boiro.

CEDIDA



Na ferverenza de Cadarnoxo, a auga cae dende unha altura de máis de trinta metros.

**INSTALADORES
MANTENEDORES**

Felices Fiestas

**FONTANERÍA | TÉRMICAS | ELECTRICIDAD | GAS (CATEGORÍA A) | EQUIPOS A PRESIÓN
| CONTRA-INCENDIOS | INSTALACIONES INDUSTRIALES**

www.instalacionesherfer.es
Pol. Ind. de Espiñeira, P14 • Boiro - A Coxaña
T: 981 849 971 y 981 847 097
comercial@instalacionesherfer.es



**INSTALACIONES
HERFER**



**ALQUILERES
REYCA**

www.alquileresreyca.es • info@alquileresreyca.es

Oficinas principales:
Pol. Ind. del Tambre - Vía Nobel, 4
SANTIAGO
Teléfs.: 981 587 555 • Fax: 981 575 394

C/ Cimadevila, nº 67 - baj
BOIRO (Barbanza) o Teléf.: 981 846 554

MAQUINARIA PARA CONSTRUCCIÓN Y OBRAS PÚBLICAS

- Compresores Diésel y Accesorios
- Grupos Electrójenos
- Retroexcavadoras y Accesorios
- Compactación
- Dumpers
- Carretillas Elevadoras
- Hormigoneras
- Vibración
- Bombas de Achique y Accesorios
- Cañones aire caliente y
- Deshumificadores
- Hidrolimpiadoras
- Aspiradores Industriales
- Maquinaria de Corte
- Martillos Eléctricos y Accesorios

